



Cándido Otero, novo consiliario para a Xunta de Confrarías

Obispo García Ca-diñanos nomeou recentemente a Cándido Otero como consiliario das confrarías da Diócese e das da Semana Santa de Ferrol. PaixónxFerrol fala neste número co sacerdote, que di gostar moito das procesións e que tivo xa unha primeira toma de contacto coa Xunta de Confrarías. • Pax 4

Procesións de gloria da Virxe de Dolores e da Mercé

As confrarías de Dolores e da Mercé veñen de celebrar, neste mes de setembro que remata, as súas tradicionais procesións de gloria. O Triduo en honor de Nosa Señora dos Dolores comezou o pasado día 13 e o 15 a

emblemática imaxe saiu en procesión desde a catedral, chegando ata Amboage para pasar por diante da súa igrexa. Pola súa banda, a Confraría da Mercé organizou un Setenario e un Triduo que remataron o día 24 tamén

coa tradicional procesión de gloria. Nesta ocasión, o percorrido foi pola rúa María ata o colexio das Discípulas e voltou por diante do convento das Escravas, recuperando o que antigamente facía a Virxe Blanca. • Pax 3

A Semana Santa renueva a súa web

A Xunta de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol estrea páxina web, desta volta coa extensión de dominio .com, co dezo de ofrecer unha información

máis completa e un acceso máis áxil aos diferentes contidos. A web ten dúas versións en galego e castelán e conta con diferentes seccións para o museo, as procesións de peniten-

cia e de gloria, as bandas e agrupacións musicais, as publicacións, sedes canónicas, ruta confrare e axenda, entre outras. Visítadea en www.semana-santadeferrol.com. • Pax 7

Máis de 400 persoas visitaron o Museo da Semana Santa este verán Pax 2

Está aberto o prazo do concurso do que sairá o cartel da Semana Santa de Ferrol 2023 Pax 5

A Confraría da Mercé comprará unha nova imaxe procesional Pax 5

As bandas de música recuperan o ritmo das marchas penitenciais Pag 6

EDITORIAL

Procesións de gloria que brillan en Ferrol

Ademais das procesións de penitencia, que se desenvolven na Semana Santa para recordar a Paixón de Cristo, existen ao longo do ano outras procesións, as de gloria, que tamén son manifestacións de fe e devoción popular a pé de rúa, cos fieis camiñando xuntos e expresando publicamente a súa relixiosidade. E tamén as confrarías e irmandades da Semana Santa de Ferrol teñen moito que ver coa celebración destas procesións. O mes de setembro foi testemuña delo, coas saídas de María Santísima dos Dolores e Nosa Señora da Mercé, e mesmo no pasado xullo vimos de devolver á cidade de Ferrol a desaparecida procesión do Carme. Camiñamos xuntos, como di o noso novo consiliario, Cándido Otero, expresando a nosa fe e creando espazos para a oración na rúa. A paixón en Ferrol latexa durante todo o ano!

O Museo da Semana Santa tivo máis de 400 visitas no verán

O Museo da Semana Santa de Ferrol recibiu durante este verán -desde o primeiro de xullo ata estes últimos días de setembro- máis de 400 visitantes, procedentes de diferentes puntos da xeografía española e mesmo de fóra. Así, xunto a persoas de Madrid e de varios lugares de Andalucía, así como de Galicia e Asturias -que son os puntos de orixe máis frecuentes- houbo algunhas visitas de Reino Unido e Italia.

A exposición permanente, á que se accede desde os xardíns de San Francisco, varía lixeiramente o seu horario a partir do 1 de outubro, ata finais de abril. Nestes meses funcionará de 10.00 a 14.00 de martes a domingos e de 16.30 a 19.00 horas de martes a sábados.



Entre outras incorporacións, os fondos da exposición contan agora coa Virxe do Carme -que se ben non forma parte da Semana Santa, é propie-

dade da Xunta de Confrarías e protagoniza unha procesión de gloria-, así como co novo San Xoán Evanxelista da Confraría de Dolores. •

La Virgen del Socorro volvió a navegar



La antigua cofradía del Socorro celebraba el día de la Natividad de la Virgen con una procesión, la que hoy sigue llamándose la "Parrocheira" por la devoción que le profesaban las vendedoras de pescado del puerto. El pasado 11 de septiembre se orgnaizó de nuevo, con gran afluencia y con recorrido marítimo incluido. •

Las procesiones de gloria de Dolores y la Merced tomaron la calle este septiembre

Con septiembre llegan en Ferrol las procesiones de gloria de la Virgen de los Dolores y Nuestra Madre de la Merced. Ambas recorrieron las calles de Ferrol y fueron ampliamente seguidas por los fieles, que se reencontraron así con las imágenes de su devoción.

La Cofradía del Cristo de la Misericordia y María Santísima de los Dolores celebró a partir del día 13 su tradicional Triduo en San Julián. El día 15, coincidiendo con la fiesta de Nuestra Señora de los Dolores, los cultos se revistieron de mayor solemnidad, con la música del Coro Diapasón, y fueron seguidos de la procesión. El desfile realizó un amplio recorrido por el centro y llegó a rodear la plaza de Amboage para pasar por delante de la iglesia de Dolores. Un poco después, la Virgen se encontró las puertas de la capilla de la Merced abiertas, como símbolo del saludo fraternal que le dedicó la hermandad vecina.

Por su parte, la Cofradía de la Merced inició los actos en honor de su patrona al día siguiente, el 16. Celebró un Septenario y a partir del 22 un Triduo que culminaron el 24, día de Nuestra Señora



de la Merced, con una procesión que presidió el obispo diocesano, Monseñor García Cadiñanos, y que comenzó con la interpretación de la canción "María de la Merced" por parte del Real Coro Toxos e Froles a las puertas de la

capilla. El recorrido fue el que antaño realizaba la Virgen Blanca, pasando por el colegio de las Discípulas de Jesús, que le dedicaron una "petalada" y por el convento de las Esclavas, que abrieron sus ventanas y ofrecieron a la

Virgen unas canciones y una oración. La Cofradía mercedaria todavía prolongó sus celebraciones un día más, el 25, con un aperitivo solidario y de confraternización con música y callos a precios populares. •

Cándido Otero López, consiliario de la Junta de Cofradías de Ferrol

“Las cofradías dan un testimonio de fe, crean un espacio de oración en la calle”

Cándido Otero López (Foz, 1970) es desde este mes de septiembre el nuevo delegado de Cofradías de la Diócesis Mondoñedo-Ferrol y el Consiliario para la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Ferrol. Recién llegado a estas responsabilidades, que compatibiliza con la Pastoral de San Martiño de Xuvia, pone por delante su alegría e ilusión. “Además de que valoro el trabajo de las cofradías, es que a mí me gustan, de siempre, las procesiones”, comenta.

► ¿Cual es la labor del consiliario?

► La labor del consiliario es acompañar espiritualmente a las cofradías. Acabo de llegar y de momento solo me ha dado tiempo a reunirme con la Junta de Cofradías, un encuentro del que me he llevado una impresión buenísima por su disposición para ayudarme y enseñarme. Porque lo primero que quiero es conocer. Conocer cada cofradía y sobre todo a las personas, y que ellos me conozcan a mí.

► ¿Qué ha de guiar el trabajo de las cofradías?

► Hay tres cosas importantes en la vida de las co-



fradías. Una es la fraternidad, porque de hecho la palabra cofrade viene de *co*, unión, y *frade*, hermano. Así que es fundamental cuidar esa confraternidad entre ellos, crear relación humana, que la cofradía no sea solo una semana al año. Otra, como cristianos que somos, es cuidar la parte espiritual, una tarea en la que entraría más mi labor como delegado episcopal y como consiliario. Se trata de ayudar a crecer en la fe, acompañando en algunas celebraciones... y una tercera que es la formación.

► ¿Se ha establecido ya una dinámica de trabajo?

► Todo esto lo voy a ir viendo con las cofradías. En el caso de la formación, cada hermandad tiene un carácter propio

y específico, pero también hay cuestiones que son transversales y que independientemente de la devoción o motivación de cada una, se pueden compartir. Pero lo primero es ver qué carencias tenemos y qué demandamos.

► ¿Corre peligro de perderse lo espiritual detrás de lo espectacular?

► Valoro muchísimo el trabajo que hacen las cofradías, porque están todo el año preparándose y cuando llega la Semana Santa tienen una tarea enorme. Su labor está vinculada con la dimensión evangelizadora de la Iglesia, porque están dando un testimonio de fe, están provocando un encuentro, creando un espacio de oración en la calle. El otro día me invitaron a la procesión del Socorro y me

fijé en un detalle. La mujer que vendía los helados movía los labios al paso de la Virgen... estaba rezando. Eso es importante.

► El consiliario sirve de puente entre las cofradías y la Diócesis, para caminar juntos, como dice el proceso sinodal.

► Sí, y el ser cofrade lleva implícito eso de caminar juntos. Todo cristiano lleva de serie una vocación cofrade, que es ser hermano de otros. Y en las cofradías hay muchísima gente colaborando.

► Y no solo durante una semana al año...

► Sí, y valoro especialmente la preocupación que tienen las cofradías por la caridad, es algo que hay que poner en valor. Esto entronca con el cuidado a la fraternidad, que además de ser hacia adentro, con la gente que forma la hermandad, es también hacia fuera. Hacen muchísimas actividades, desde conciertos a recogidas de alimentos... se preocupan por las personas que están pasando situaciones difíciles. En definitiva, creo que hay mucho bueno en las cofradías. Y que en todo se puede crecer. •

A Mercé comprará unha nova imaxe coa advocación de Xesús da Humildade

A Confraría da Mercé acordou, nunha asemblea xeral extraordinaria celebrada o pasado día 9 de setembro, adquirir unha nova imaxe procesional que terá a advocación de Noso Pai Xesús da Humildade no Bico de Xudas. É un proxecto que a irmandade acomete a longo prazo e para o que terá que conseguir financiación a través de diferentes campañas e iniciativas expresamente orientadas a este obxectivo, para non interferir nas súas actividades e compromisos habituais.

A imaxineira gaditana Ana Rey www.anarey.es vai ser a encargada de realzar a talla, da que a confraría xa ten algúns bocetos. A primeira muller que crea unha das imaxes da Semana Santa de Ferrol é unha escultora, das poucas que se abriron camiño neste mundo, que imprime ás súas obras un gran realismo e expresividade.

Coa ilusión de comezar a reunir fondos para financiar a nova peza do procesionario ferrolá, a Confraría da Mercé puxo xa en marcha unha primeira acción. Publicou unha imaxe do futuro



Unha das obras da imaxineira Ana Rey

Xesús da Humildade, dividida en cuadrantes que as personas que o desexen

poden ir “comprando” con aportacións de 20, 10 ou 5 euros. •

Aberto o prazo para presentar obras ao concurso para o cartel da Semana Santa de Ferrol 2023

Durante todo o mes de outubro, ata o día 31, estará aberto o prazo de presentación de obras para ilustrar o cartel da Semana Santa de Ferrol 2023. Seguindo a quenda que desde hai anos estableceu a Xunta de Confrarías, tócalle este ano á irmandade mercedaria protagonizar a imaxe coa que se anunciarán e promocionarán as procesións do vindeiro ano.

Así, a Confraría da Mercé convocou un concurso no que pode participar quen queira, con máis de 14 anos, ben sexa con obras pictóricas, fotográficas ou calquera outra expresión artística, sempre que sexa susceptible de ser reproducida fielmente nun cartel.

A obra gañadora do certame ilustrará, xunto co cartel, a portada da revista Ecce Homo de 2023 e o procesionario. As persoas

interesadas poden consultar coa irmandade mercedaria as bases do concurso e presentar as obras no seu local, os martes de 18.30 a 20.00 horas, ou ben concertar unha cita outro día enviando un mail a coframercedferrol@gmail.com.

A última vez que a Confraría da Mercé protagonizou o cartel da Semana de Paixón foi no ano 2017, daquela con una fotografía de Nosa Señora dos Cativos, obra



de Roberto Marín, no momento en que saía da capela o Mércores Santo. •

Un novo curso de música confrade

Para as agrupacións e bandas de música confrade de Ferrol o mes de setembro significa o comezo dun novo curso. As formacións volven ao repertorio de marchas procesionais despois dun verán repartido entre festas patronais e descanso, e organizan o seu programa de traballo tendo en conta a integración dos novos compoñentes, xa que foron moitas as incorporacións despois da pasada Semana Santa.

É o que destacan deste novo curso desde a AM Virxe do Carme. “Estamos reiniciando”, comenta o seu director, Iago Vázquez. O seu obxectivo é repasar o repertorio e conquistar a integración da xente nova, de maneira que todo volva estar engrasado. Os “mariñeiros da fe” contarán en novembro e xaneiro coas leccións maxistras do seu segundo director, o sevillano Pedro Pacheco, e celebrarán unha nova edición do seu certame “Sons Mariñeiros”.

Tamén está centrada en acoller ás novas incorporacións a Banda do Cristo da Boa Morte. Son oito as persoas recién chegadas, e todas elas sen experiencia anterior.

Neste inicio de curso tamén hai compromisos. A Banda de Cornetas e



Tambores do Cristo da Misericordia, por exemplo, participou o pasado 15 de setembro na procesión que pechou o Triduo á Virxe de Dolores, o 17 viaxou a Tui e o vindeiro 8 de outubro celebrará un

Tras o verán, as bandas recuperan os repertorios de música procesional e integran aos seus novos compoñentes

concerto na concatedral de San Xiao, en Ferrol, a favor da asociación Asanog. Desde hai uns meses, a Banda da Confraría de Dolores está a compartir nas súas redes sociais audios coas marchas procesionais que van incorporar ao seu repertorio de 2023, máis ben pezas

clásicas que estaban un pouco olvidadas.

Tamén desde a Banda Nosa Señora do Nordés, da OJE, adiantan que nesta tempada van recuperar algunhas marchas que tiñan hai anos no repertorio. A formación está xa centrada na música procesional e pensando ao mesmo tempo noutros compromisos que teñen por diante, como a cabalgata de Reis.

Volvendo ao repertorio de sempre atopamos á Banda de Cornetas, Gaitas e Tambores da Confraría das Angustias, que mantén a súa liña de inspiración militar.

Comeza o curso dunha maneira especial para Acotaga. A banda vai celebrar o vindeiro día 9 de outubro o seu 20º aniversario cun recital na capela

da Mercé. Pronto concretarán o programa da cita, na que ademais da banda terán oportunidade de actuar o grupo de timbaleiros -formado por nenos e nenas de ata 12 anos- e a capela musical. Neste mes de setembro de volta aos ensaios, a vetera formación acompañou tamén as procesións da Virxe do Socorro e da Mercé.


Igualmente celebra un aniversario especial, ao cumprir os seus quince anos, a Agrupación Musical Virxe da Amargura. Con ese motivo, a formación ten previsto darlle un carácter especial ao seu concerto de Santa Icí, que levan xa tres anos sen celebrar por mor da pandemia.

Vai ser, iso si, un novo curso con moita música confrade. •

A Semana Santa de Ferrol estrea web

A Xunta de Confrarías acaba de estrear unha nova web, desta volta cun dominio *.com* en lugar do *.org* anterior. A páxina *www.semanasantaferrol.com* ten, como principal novidade, versións en galego e castelán.

A web é unha ventá de información sobre todo o que ten que ver coa Semana Santa ferrolá e as súas cinco confrarías. Na páxina de inicio, nun lugar destacado, aparecen os escudos de cada unha delas, sobre o que se pode premer para viaxar ás súas propias webs. A continuación ten



protagonismo a sección de noticias, un apartado para manterse durante todo o ano ao tanto de todo o que atinxe ás confrarías, as bandas de música e, en xeral, a todo o relacionado coa Semana Santa de Ferrol.

No menú superior da páxina aparecen os links “Museo”, con acceso a información da exposición permanente, e “Semana Santa”, que leva a páxinas dedicadas ás procesións penitenciais,

as de gloria, as sedes canónicas das confrarías, a ruta cofrade e as bandas de música. No mesmo menú está o link “publicacións”, co que se entra no arquivo dos carteis da Semana Santa de Ferrol desde os anos 80 ata a actualidade. A mesma pestaña ofrece os links ás revistas *Ecce Homo* e ao boletín trimestral *PaixónxFerrol*.

Unha axenda, que servirá para consultar de maneira rápida os próximos eventos, e ventás ás redes sociais da Xunta de Confrarías completan a web. •

Un paseo guiado por la Ruta Cofrade



El presidente de la Junta de Cofradías, César Carreño, ejercerá de cicerone en un nuevo paseo guiado por la Ruta Cofrade. Las personas interesadas están convocadas para el sábado 1 de octubre, a las 12.00 horas, en la Praza Vella. Desde allí comenzará un recorrido que irá por el barrio portuario, donde está el origen de la Semana Santa ferrolana,

y ascenderá hasta el lugar donde se situaba la antigua iglesia de San Roque. Quienes lo deseen podrán terminar la visita en el Museo.

Elecciones en las cofradías de las Angustias y Dolores

Las cofradías de las Angustias y Dolores están a punto de cerrar sus respectivos procesos electorales para la renovación de sus órganos de gobierno. Así, los servitas celebrarán el 2 de octubre la asamblea en la que se votará la única candidatura presentada, que está presidida por José Ángel

Vázquez Freire, con Francisco Balseiro de vicepresidente, mientras que los cofrades de las Angustias están convocados para el 15 de septiembre, también con una única candidatura que encabeza José Ramón Cancelo.

Bajo tu Banzo organiza una charla sobre la religiosidad popular

La asociación cofrade Bajo tu Banzo organiza para el sábado 1 de octubre la charla “La procesión va por dentro: Luces y sombras de la religiosidad popular”. El jesuita y cofrade Daniel Cuesta Gómez será el ponente en

esta cita, abierta a todo el público interesado. Será a las 12.00 en Afundación.

Conferencia sobre la iglesia del Socorro



El profesor de Historia del Arte Pedro Javier González Rodríguez ofreció el pasado 8 de septiembre una charla sobre el patrimonio de la iglesia del Socorro. La sala de exposiciones de la Autoridad Portuaria se llenó de público para escucharlo.

A Xunta de Confrarías devolveu a Ferrol a tradicional procesión do Carme



A tarde do 15 de xu-
Allo pasado estivo
cargada de emoción.
Fíxose realidade por fin
a procesión do Carme,
unha tradición que caer
no esquecemento en
Ferrol e que a Xunta de
Confrarías recuperou
coa nova imaxe encar-
gada a Negrí Acevedo.
O párroco Xosé Fran-
cisco Delgado levou a
cabo a beizón da imaxe
no interior da igrexa do
Carme, ategada de fieis
e autoridades. Houbo
aplausos e unha emo-
cionada Salve Mari-
ñeira para a Virxe, que
tamén recibiu un pren-
dedor cunha áncora da
Agrupación Musical
Virxe do Carme. Dani
Ríos cantoulle unha
saeta á saída da igrexa e
a formación de música
confrade acompañou
a procesión ata chegar
ao peirao do Arsenal,
onde se fixo unha
ofrenda floral. A imaxe
da Xunta de Confra-
rías permaneceu alí e
acompañou os actos
organizados ao día se-
guinte pola Armada e
pola Autoridade Por-
tuaria.